Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## DICIONARIO

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

### *Eusebio de Meire*

Eusebio de Meire era recadador das rendas do marqués de San Martiño de Ombreiro pola Terra Chá. Cando tiña problemas para cobrar usaba as artes de nuberio e montaba treboadas para apedrar os cultivos de quen lle parecía.

Deixou en herdanza unha casa na parroquia vilabesa de Belesar e  uns anteollos para reducir a forza da vista, pois tamén causaba mal de ollo coa mirada.

## BIBLIOGRAFÍA

CUBA, Xoán R., MIRANDA, Xosé e REIGOSA, Antonio: Diccionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.